

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 2/03/2023 POLA QUE SE ESTABLECE O IMPORTE EXCEPTUADO DE FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA NOS EXPEDIENTES DE GASTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, SE DETERMINAN OS EXPEDIENTES DE GASTO AFECTADOS, A SÚA TRAMITACIÓN E A FORMALIZACIÓN ELECTRÓNICA DE EXPEDIENTES DE GASTO

### ANTECEDENTES

O 31/05/2018 publicouse a Resolución reitoral (a partir de agora RR) pola que se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da Universidade da Coruña. No seu apartado 4º establécese a vixencia desta resolución ata o peche do exercicio económico de 2018, agás unha prórroga expresa antes desa data.

En 2019, a RR do 31/05/2018 prorrogouse por RR do 17/12/2018. O apartado 3º desta segunda RR establece que, no ámbito da súa competencia, a Xerencia e a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (a partir de agora VEIS) poderán ditar as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e a execución da propia RR do 17/12/2018. En uso desta previsión e ao abeiro das súas competencias, o 15/03/2019 publicouse a Instrución conxunta da Xerencia e a VEIS.

A RR do 27/12/2019 prorrogou a exención da fiscalización para o exercicio 2020 e recolle nela o contido da dita instrución conxunta do 15/03/2019 da Xerencia e a VEIS.

Por RR do 7/12/2018 establécese o plan de control interno posterior en aplicación da RR do 31/05/2018. A RR do 10/09/2020 modifica a RR de control posterior.

A RR do 29/12/2020 prorrogou a exención da fiscalización para o exercicio 2021.

A RR do 3 de xaneiro prorrogou a exención da fiscalización para o exercicio 2022.

Procede actualizar esta resolución para a adaptar á nova estrutura da UDC e ás exigencias e melloras no sistema contable.

Código Seguro De Verificación	TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	02/03/2023 12:09:04
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En vista do que antecede, e ao abeiro do establecido no artigo 34 dos Estatutos da Universidade da Coruña, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Control interno

Exención de fiscalización limitada previa:

- a) Están exentos de fiscalización limitada previa os expedientes de gasto de contía inferior a 15 000 €, IVE excluído. Quedan exceptuados os expedientes de gasto recollidos no apartado cuarto desta resolución.
- b) O límite do importe para formalizar expedientes individualizados de gasto por “anticipos de caixa fixa” (a partir de agora ACF) establécese en 3 000 € (IVE incluído).
- c) O importe límite exceptuado de intervención previa para as contas xustificativas de reposición queda establecido en 3 000 € (IVE incluído).
- d) Expedientes de anticipos reintegrables de nómina e o seu posterior reintegro nas condicións establecidas (RR do 8/01/1996).
- e) Expedientes de gasto do Consello Social da UDC (orgánica: 11.00-Consello Social. Programa 111A-Consello Social e as económicas que correspondan na execución dos gastos).

**Segundo.** Formalización contable

Os gastos referidos no apartado anterior formalizaranse contablemente na fase que corresponda (“RC”, “A”, “D”, “AD”, “O”, “ADO”) e as súas correspondentes fases negativas. O expediente acompañarase do soporte documental que xustifique o gasto e a súa imputación contable.

**Terceiro.** Contabilización dos expedientes de gasto exceptuados de fiscalización limitada previa

Conforme o establecido no artigo 95 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, 05/11/1999; a partir de agora TRLRFOG), a Xerencia procederá á toma de razón en contabilidade e á validación no sistema contable UXXI-EC dos expedientes de gasto non sometidos a fiscalización limitada previa. Destes expedientes efectuaranse

Código Seguro De Verificación	TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	02/03/2023 12:09:04
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



as actuacións e comprobatorias posteriores de acordo co plan de control posterior previsto no apartado quinto desta Resolución. A toma de razón en contabilidade efectuarase na Vicexerencia con competencias en economía e finanzas ou na Vicexerencia de Investigación e dos Asuntos Económicos da Investigación segundo a clasificación funcional das partidas orzamentarias correspondentes ao expediente.

**Cuarto.** Estarán sometidos a fiscalización limitada previa os seguintes expedientes:

*a) Modificacións orzamentarias:*

Os expedientes de modificación orzamentaria, agás os documentos de redistribución de crédito (documentos: 095 e 091) e os *documentos de carga anual do orzamento (CPI, CPG)*. Os documentos de redistribución de crédito e de carga anual do orzamento contabilizaranse automaticamente en UXXI-EC, mediante o proceso informático habilitado para estes efectos.

O anterior entenderase sen prexuízo das especialidades previstas para as incorporacións establecidas na súa normativa específica.

*b) Expedientes de gasto:*

- De carácter plurianual.
- De tramitación anticipada, salvo os que se executen no exercicio vixente e sexan de importe non superior a 15 000 € (mais IVE).

A execución destes expedientes pódese realizar nunha ou en varias anualidades, pero debe comezar no exercicio a que se imputa a primeira anualidade do gasto. A súa tramitación efectúase de acordo coa Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto e mais coa normativa en materia económica e de contratación administrativa ou laboral.

No caso de expedientes anticipados de gasto contabilizados pola Xerencia, os documentos contables xerados no exercicio corrente do expediente de tramitación anticipada remitiráselle á vicexerencia con competencias en economía e finanzas para a súa validación en UXXI-EC.

- Os expedientes de gasto que efectivamente se realizaron durante o exercicio corrente, pero cuxa factura ou xustificante de gasto non se recibira nas datas establecidas na Instrución anual de peche e non se formalizaran os documentos

<b>Código Seguro De Verificación</b>	TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	02/03/2023 12:09:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/6
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



“ADO” ou “O” no exercicio de procedencia. O mesmo tratamento aplicaráselles aos gastos que se formalicen mediante ACF.

- c) *As convocatorias de subvencións pola UDC, financiadas con fondos propios ou alleos á Universidade e en réxime de concorrencia competitiva ou de concesión directa, efectuarase conforme ao establecido na normativa que regule cada axuda e coa normativa de aplicación en materia de subvencións. A tramitación dos expedientes de gasto adecuarase á fase que corresponda do expediente (aprobación do gasto “A”, compromiso de gasto “D”, recoñecemento da obriga “O”).*

#### **Quinto.** Plan de control posterior

Os expedientes de gasto exentos de fiscalización limitada previa serán obxecto do plan anual de control posterior conforme ao que establece a RR do 7/12/2018 e a súa modificación pola RR do 10/09/2020.

**Sexto.** Expedientes de gasto que se sometan a autorización da Comisión de Asuntos Económicos (a partir de agora CAE), delegada do Consello de Goberno

Os expedientes de gasto que non se tramiten conforme á normativa, deberánselle enviar á CAE, que tomará decisión sobre cada un dos expedientes.

Á CAE enviaráselle o expediente de gasto completo. Así mesmo, unirase un escrito do/a responsable da aplicación orzamentaria en que indique a infracción padecida e o motivo do incumprimento.

A CAE tomará a decisión en relación coa aprobación e validación do/s expediente/s.

A resolución de expediente/s de gasto aprobado/s pola CAE remitiralla a vicerreitoría con competencias en economía á vicerreitoría con competencias en economía e finanzas, que procederá á súa validación contable en UXXI-EC, conforme ao establecido no apartado 4º desta RR.

A CAE tomará a decisión en relación, exclusivamente, coa omisión padecida. O resto dos trámites do expediente de gasto adecuarase á tramitación que proceda. Cando se trate de expedientes exentos de intervención previa, tramitaranse por este procedemento e, no caso de que deban ser obxecto de fiscalización, remitiráselle ao Servizo de Control Interno que exercerá a intervención previa. Nestes supostos haberá

Código Seguro De Verificación	TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	02/03/2023 12:09:04
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



que acreditar a validación da CAE. Sen este acordo non se poderá continuar coa tramitación do expediente de gasto.

**Sétimo.** Expedientes de gasto autorizados polo xerente

En virtude das súas competencias en materia económica, o xerente resolverá as discrepancias que se presenten por devolucións do Servizo de Control Interno. Nestes casos poderá autorizar motivadamente a continuidade do expediente ou ben resolverá que o/a responsable de Asuntos Económicos (RAE) envíe o expediente de gasto para a consideración da CAE. Así mesmo, poderá resolver a continuidade na tramitación ou a remisión á CAE de expediente/s de gasto que, polas razóns que consten no/s expediente/s, non sexa/n fiscalizado/s polo Servizo de Control Interno. Estes trámites teñen carácter excepcional.

Os expedientes de gasto autorizados por resolución do xerente validaranos en UXXI-EC a vixerencia con competencias en economía e finanzas ou a vixerencia de Investigación e dos Asuntos Económicos da Investigación segundo a clasificación funcional das partidas orzamentarias do referido expediente, conforme o apartado 4º desta RR. Antes da súa validación en UXXI-EC comprobarase que a documentación que consta do expediente en RDOC está completa. O xerente daralle conta á CAE dos expedientes de gasto que autorice.

Os expedientes de gasto que se lle remitan á Xerencia para os trámites establecidos neste apartado formalizaranse no procedemento electrónico de Sigem contabilización.

O soporte documental do expediente debe estar completo en RDOC.

Se o xerente autoriza a tramitación dun expediente de gasto nunha fase concreta, o resto dos trámites do expediente adecuaranse á tramitación que proceda. Cando se trate de expedientes exentos de intervención previa, tramitaranse por este procedemento e, no caso de que deban ser obxecto de fiscalización, remitiránse ao Servizo de Control Interno que exercerá a fiscalización na fase posterior que corresponda. Nestes casos, para a continuidade do expediente, haberá que acreditar a autorización do xerente da fase contable previa que corresponda.

**Oitavo.** Disposicións da Xerencia e da vicerreitoría con competencias en economía

No ámbito da súa competencia, a Xerencia e a vicerreitoría con competencias en

Código Seguro De Verificación	TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	02/03/2023 12:09:04
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ=">https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKCtRI//xQ=</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



economía ditarán as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e a execución desta resolución reitoral, así como para a adecuación dos trámites económicos á RDOC.

### Disposición final

Esta resolución publicarase na Sede Electrónica da UDC e terá efectos desde o día seguinte á súa publicación.

Asinado dixitalmente polo reitor

Código Seguro De Verificación	TBAy7PSM9v/fUKcTRI//xQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	02/03/2023 12:09:04
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKcTRI//xQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/TBAy7PSM9v/fUKcTRI//xQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

